

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria , a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS, segundo as seguintes normas:

1. - De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), rescrito conforme o establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral 1pai/nai , dun total de 2 que debe ter o Consello Escolar. O outro representante correspóndese coa designación da ANPA do centro.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se for o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, até as 13:00 horas do día 19 de novembro.
- 3.- Son elixíbeis os pais e nais ou, se for o caso, os titores legais, que formularen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas até as 13:00 horas do citado día 19 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 19 de novembro, ás 16:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que



actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá desde o 19 ao 24 de novembro, ambos os días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 25 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o día 26 de novembro, de 09:30 a 17:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:25 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 1 nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegábel e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideren formular.

Buño , 6 de novembro de 2018.

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Fernando Quintela Cuiña